



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Segundo idioma estranxeiro IV: Francés

Materia	Segundo idioma estranxeiro IV: Francés			
Código	V01G180V01404			
Titulación	Grao en Linguas Estranxeiras			
Descritores	Creditos ECTS	Carácter	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	2	2c
Lingua impartición	Francés			
Departamento	Filoloxía inglesa, francesa e alemá			
Coordinador/a	Castro Lorenzo, Carla			
Profesorado	Castro Lorenzo, Carla			
Correo-e	carlacastro@uvigo.es			
Web	<a href="http://faitic.uvigo.es">http://faitic.uvigo.es</a>			
Descrición xeral	Trátase dunha materia sobre todo práctica que pretende desenvolver as competencias de comprensión/expresión orais e escritas. A metodoloxía dálle prioridade a análise de documentos auténticos orais e escritos. Para seguir esta materia partimos dun nivel B2.1 e esperamos alcanzar un nivel B2.2.			

## Competencias

Código	
CB1	Que as/os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral, e que se atopa a un nivel que, aínda que se apoia en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
CB2	Que as/os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ao seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
CB3	Que as/os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
CB4	Que as/os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solucións a un público tanto especializado coma non especializado.
CB5	Que as/os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
CG1	Fomentar e mellorar a capacidade de comunicación nas linguas de estudo no grao, en diferentes contextos sociais, profesionais e culturais coas/os falantes das devanditas linguas, desenvolvendo as destrezas de comprensión e expresión orais e escritas, e mostrando actitudes de tolerancia cara á diversidade social e cultural, incluíndo a defensa dos dereitos fundamentais, de igualdade social, de xénero, raza e orientación sexual, e os valores propios da democracia e a cultura da paz.
CG3	Adquirir os fundamentos teóricos e aplicados que ofrece a lingüística nos principais paradigmas do estudo e descrición das linguas, así como sintetizar, relacionar e describir as literaturas da primeira lingua estranxeira provenientes de distintos ámbitos culturais e sociais, períodos, xéneros e movementos.
CG5	Adquirir os coñecementos necesarios para a comprensión, desenvolvemento, análise, avaliación e aproveitamento para o futuro profesional dos recursos lingüísticos e literarios.
CG6	Construír argumentos sólidos sobre os temas e textos a estudar, seguindo as convencións académicas, empregando evidencias suficientes que corroboren os razoamentos expostos, facendo uso dos recursos bibliográficos e electrónicos dispoñibles, especialmente os orientados á investigación lingüística e literaria e á docencia das linguas impartidas no grao.
CG8	Formular razoamentos críticos a respecto dos campos de estudo lingüístico e literario que conduzan á adquisición dun método sólido de análise lingüística e literaria para alén da mera aproximación subxectiva e intuitiva ás linguas e textos obxecto de estudo.
CG10	Mostrar coñecemento sobre outras culturas e expresións artísticas e ser competente para sensibilizar as persoas do entorno na apreciación da diversidade, interculturalidade e multiculturalidade. Así mesmo, explorar as repercusións sociais, profesionais, educativas e culturais dos usos lingüísticos e da aprendizaxe das linguas estudadas no grao.

CE14	Sentar as bases e desenvolver as habilidades de comprensión e expresión oral.
CE16	Desenvolver as nocións gramaticais básicas e expandir estes coñecementos a estruturas máis complexas.
CE17	Fomentar a capacidade de desenvolvemento da lingua en uso e a aplicación práctica dos coñecementos gramaticais, léxicos e fraseolóxicos.
CE21	Mostrar a capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma estranxeiro co propio.
CE22	Mostrar a capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.
CE147	Desenvolver o sentido de conciencia lingüística do segundo idioma estranxeiro como un sistema, dos seus mecanismos e formas de expresión.

### Resultados de aprendizaxe

Resultados de aprendizaxe	Competencias		
Coñecemento medio-alto do segundo idioma como lingua estranxeira, o que inclúe as perspectivas lingüística, comunicativa e de cultura e civilización.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG5 CG6 CG8 CG10	CE14 CE16 CE17 CE21 CE22 CE147
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos léxicos, fraseolóxicos e gramaticais do segundo idioma estranxeiro co propio.	CB3 CB4 CB5	CG3 CG5 CG6 CG8	CE14 CE16 CE17 CE21 CE22
Desenvolvemento da capacidade de contrastar aspectos de civilización propios das xentes que falan o segundo idioma estranxeiro e alleos.	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG1 CG10	CE14 CE16 CE17 CE21 CE22

### Contidos

Tema	
1. Rapporter les paroles d'autrui	Les verbes de parole. Le discours rapporté.
2. Exprimer une opinion, un souhait ou un doute.	Le subjonctif présent. Les verbes d'opinion.
3. Argumenter 1	Les articulateurs logiques : cause, conséquence, but, opposition.
4. Argumenter 2	Les macro-structures du texte argumentatif. Les différentes formes d'expression des rapports logiques.
5. Le résumé	Techniques pour résumer des raisonnements, des textes. Regrouper ordonner les informations. La nominalisation.
6. Contenus lexicaux et civilisationnels	L'organisation politique de La France. Les principaux débats politiques en France. L'écologie, la consommation, la presse et les médias.
Pratique	Entraînement phonétique. Compréhension orale et production orale. Compréhension écrite et production écrite.

### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	20	40	60
Traballo tutelado	6	12	18
Resolución de problemas de forma autónoma	15	35	50
Práctica de laboratorio	11	11	22

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

### Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Presentación e análise de documentos variados.
Traballo tutelado	Traballos para o desenvolvemento das competencias de comprensión/expresión oral e escrita.
Resolución de problemas de forma autónoma	Exercicios e traballos de redacción.

### Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

Traballo tutelado	A profesora atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
Resolución de problemas de forma autónoma	A profesora atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.
<b>Probas</b>	<b>Descrición</b>
Práctica de laboratorio	A profesora atenderá as necesidades e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe.

<b>Avaliación</b>					
	Descrición	Cualificación	Competencias Avaliadas		
Resolución de problemas de forma autónoma	- Exercicio de comprensión escrita (20 % da nota). - Exercicio de comprensión oral (20 % da nota). - Traballo a partir dunha lectura obrigada/tema de civilización (20 % da nota).	60	CB1 CB2 CB3 CB4 CB5	CG10	CE16 CE17
Práctica de laboratorio	Exame de expresión escrita e de expresión oral.	40	CB2 CB3 CB4	CG10	CE16 CE17

### **Outros comentarios sobre a Avaliación**

#### **Primeira edición de actas.**

O alumnado será avaliado mediante o sistema de **avaliación continua** indicado arriba.

Para aprobar a materia será necesario entregar os traballos nos prazos requiridos que se indicarán ao comezo do curso. Para facer media entre os traballos e o exame, será tamén necesario ter un mínimo de 4,5 en cada parte. As probas non entregadas contarán como un cero. En caso de plaxio, a nota é de suspenso. En caso de suspender una parte soamente, guardarase a nota para a segunda edición de actas.

O alumnado que, por motivos xustificadas, non poida realizar a avaliación continua deberá falar coa persoa coordinadora da materia ao comezo do curso. Nese caso poderá examinarse do 100% da materia na 1ª edición de actas polo sistema de **avaliación única**. O exame será de comprensión/expresión oral e escrita, 50% a parte oral e 50% a parte escrito. É necesario aprobar as dúas probas (oral, escrita) cun mínimo de 5 en cada unha para poder superar a materia. O exame escrito e oral terá lugar no período de exames na data do calendario aprobada pola Xunta de Facultade.

#### **Segunda edición de actas(xullo)**

Na segunda edición de actas (xullo) haberá un exame de comprensión/expresión oral e escrita que contará o 100% da nota para o alumnado que non superara a materia na primeira edición, 50% a parte oral e 50% a parte escrita. É necesario aprobar as dúas partes (cun mínimo de 5 en cada unha) para poder superar a materia. O exame terá lugar no período de exames na data do calendario aprobada pola Xunta de Facultade.

### **Bibliografía. Fontes de información**

#### **Bibliografía Básica**

Jennepin, Léon-Dufour, **Nouvelle grammaire du français**, Hachette,

#### **Bibliografía Complementaria**

Abbadie, Chovelon, Morsel, **L'expression française écrite et orale**, PUG,

Stéphanie Callet, **Répertoire des difficultés du français**, PUG,

Abry & Chalaron, **Les 500 exercices de phonétique**, Hachette,

Stéphanie Callet, **Entraînez-vous de A à Z**, PUG,

### **Recomendacións**

#### **Materias que continúan o temario**

Segundo idioma estranxeiro V: Francés/V01G180V01604

#### **Materias que se recomenda ter cursado previamente**

Idioma moderno: Segundo idioma estranxeiro I: Francés/V01G180V01106

### **Outros comentarios**

---

Recoméndase consultar os medios de comunicación franceses, asistir ás aulas, traballar todos os días.

Para poder seguir a materia recoméndase un nivel B2.1 e espérase acadar un nivel B2.2.

Recoméndase o uso dos recursos da biblioteca.

É responsabilidade do alumnado consultar os materiais e as novidades a través da plataforma FAITIC e de estar ao tanto das datas nas que as probas de avaliación teñen lugar.

A copia ou plaxio total ou parcial en calquera tipo de traballo ou exame suporá un cero nesa proba. Alegar descoñecemento do que supón un plaxio non eximirá ao alumnado da súa responsabilidade neste aspecto.

A avaliación terá en conta non só a pertinencia e calidade do contido das respostas senón tamén a súa corrección lingüística.

---

### **Plan de Continxencias**

---

#### **Descrición**

---

=== MEDIDAS EXCEPCIONAIS PLANIFICADAS ===

Ante a incerta e imprevisible evolución da alerta sanitaria provocada pola COVID- 19, a Universidade establece una planificación extraordinaria que se activará no momento en que as administracións e a propia institución o determinen atendendo a criterios de seguridade, saúde e responsabilidade, e garantindo a docencia nun escenario non presencial ou non totalmente presencial. Estas medidas xa planificadas garanten, no momento que sexa preceptivo, o desenvolvemento da docencia dun xeito mais áxil e eficaz ao ser coñecido de antemán (ou cunha ampla antelación) polo alumnado e o profesorado a través da ferramenta normalizada e institucionalizada das guías docentes DOCNET.

=== ADAPTACIÓN DAS METODOLOXÍAS ===

Mantéñense a metodoloxía, os contidos e as titorías grazas ás ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo (Faitic, correo electrónico ou aulas virtuais).

=== ADAPTACIÓN DA AVALIACIÓN ===

Mantéñense os exercicios e probas da avaliación continua, así como a proba da avaliación única. Todos estes realizaranse a través das ferramentas proporcionadas pola Universidade de Vigo.

=== MODALIDADE MIXTA ===

Plan de continxencia sobre a modalidade mixta, na que unha parte do estudiantado asistirá ás aulas de forma presencial e outra parte seguirá as clases dun modo síncrono (preferentemente) ou asíncrono: o profesorado manterá as metodoloxías, a atención personalizada e os sistemas de avaliación como se indica para a modalidade presencial, adaptando os grupos de estudantes e as quendas para cumprir coa normativa sanitaria que se estableza no seu momento.

---